



PROCEDIMENTO PARA A LIQUIDACIÓN DAS AXUDAS IGAPE

- Executado o obxecto da convocatoria, precísase que o/a beneficiario/a achegue en tempo e forma a solicitude de cobramento da axuda concedida:
 - a) Se a solicitude de cobramento da axuda fose achegada no prazo previsto na resolución de concesión, revisárase e, de ser o caso, será requirido para que no prazo de **10 días hábiles improrrogables emende** a solicitude de cobramento e achegue a documentación xustificativa que sexa necesaria.
 - b) Se a solicitude de cobramento da axuda non fose achegada dentro de prazo previsto na resolución de concesión, será requirido para que no prazo de **10 días hábiles improrrogables achegue** a solicitude de cobramento xunto coa documentación xustificativa.
- O procedemento polo que se tramita a axuda solicitada, rematará cunha resolución que porá fin ao procedemento:
 - Dereito ao cobramento total da axuda.
 - Dereito ao cobramento parcial da axuda coa conseguinte perda parcial do dereito ao seu cobramento.
 - Perda do dereito ao cobramento total da axuda.
- Contra a resolución que poña fin ao procedemento poderá formularse o correspondente recurso administrativo e/ou contencioso administrativo.
- Para os casos nos que se resolva a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, e se teña percibido un anticipo (libramento de fondos públicos) iniciarase de oficio un procedemento de reintegro xunto coas demais responsabilidades que procedan.